



VENRES 01 / ABRIL
Producción LA MACANA & Julio César Iglesias
Coproducida por AGADIC, Kunststiftung nrw, Theater im Pumpenhaus (Münster, Alemania), Tanzhaus nrw (Düsseldorf), Graner e TRC

INVISIBLE WIRES

Danza contemporánea

Invisible Wires é a nova produción de La Macana, a compañía galega dirixida por Caterina Varela e Alexis Fernández. La Macana colabora nesta ocasión co creador Julio César Iglesias quen se fai cargo da dirección desta nova creación. Unha peza que conta cun maravilloso elenco de cinco bailaríns internacionais e coa música orixinal en directo do compositor belga Niko Hafkenscheld.

Elenco »
Alexis Fernández, Tanja Marin, Fridjonsdottir, Niko Hafkenscheld, Janis Heldmann, Jacob Ingram-Dodd e Dymitry Szypura

Equipo artístico/técnico »
Dirección **Julio César Iglesias**
Axudante de dirección **Caterina Varela**
Música orixinal **Niko Hafkenscheld**
Iluminación **Afonso Castro**
Dirección de produción **Caterina Varela**

Duración » 60 minutos
Entradas » Tarifa A



VENRES 29 / ABRIL
Coproducción: Circolando, Rota do Románico, Viagens com Alma sin Duero

HORAS

Danza contemporánea.
Proxecto de creación comunitario con intervención de coro de canto gregoriano en directo

Danza, vídeo e canto gregoriano. Un espectáculo-viaxe sobre o territorio e as súas paisaxes coa participación do Coro de canto gregoriano de Penafiel.

Paisaxes naturais e construídas, salvaxes e humanizadas. As portas de entrada a un mundo de historias, experiencias, emocións. Un mundo por explorar tres enfoques en tres campos artísticos para traballar só e no diálogo cruzado: vídeo, a danza, a música coral.



Elenco »
Paulo Mota / Ricardo Machado / Coro de canto gregoriano de Penafiel / Coro: Ana Pérez (dirección musical) / Belmiro Barbosa / Deolinda Nogueira / Evangelina Canedo, Maria Teresa Moreira / Richard Bradley / Salomé Canedo Sergio Oliveira
Intérprete escenario: **Alexandra Natura**

Equipo artístico/técnico »
Dirección artística **André Braga & Claudia Figueiredo**
Dirección **André Braga**
Dramaturxia **Claudia Figueiredo**
Vídeo **Gonçalo Mota**
Deseño de son **André Pires**
Realización plástica **Sandra Neves e Nuno Brandão**
Deseño de iluminación **Francisco Tavares Teles**
Producción (dirección) **Ana Carvalhosa e Claudia Santos**

Duración » 75 minutos
Entradas » Tarifa A



LUNS 16 / MAIO
Compañía Airenoar
AIRENOAR
Danza-Circo

AIREnoAR é unha historia de encontro e desencontro, de procura de equilibrio entre as cordas; o que nos une, o que nos separa do outro, ritmo e xesto das linguaxes non verbais. Poesía contida nas dinámicas de son e movemento.

Os personaxes comunícanse a través da danza que pasa polos distintos elementos da escena (cordas, chan, luz, corpo). AIREnoAR, creación de danza contemporánea e fusión de disciplinas aéreas. O aire saíndo do corpo en forma de voz cantada, a acrobacia aérea na corda vertical, o aire en movemento. Os pasos, a forma, a poética da imaxe, a beleza das relacións.

Elenco »
Álvaro Reboredo (Danza e Acrobacia Aérea) Maria Move (Danza e Espazo Sonoro)

Equipo artístico/técnico »
Dirección **Rut Balbis**
Producción **Manu Lago**
Autor **Rut Balbis / María Move / Álvaro Reboredo**

Duración » 50 minutos
Entradas » Tarifa B



VENRES 27 / MAIO
Nova Galega de Danza en coproducción co AGADIC a través do CCG

SON

Fusión de danza tradicional galega con flamenco, español e danza contemporánea

10 coreografías iranse sucedendo e ligando entre elas mediante transicións nas que se utilizarán diferentes elementos que adoitan formar parte dun obradoiro de escultura, a carón dalgúns elementos da evocadora paisaxe galega.

A linguaxe coreográfica despregada para o espectáculo conta con pasos de catro estilos diferentes: a danza tradicional galega, a estilización da danza española, a danza contemporánea e mais o flamenco.

O escultor protagonista de SON conduciranos a través dunha serie de cadros, evolucións coreográficas, paisaxes humanas e atmósferas cheas de emoción.



Elenco »
Tradicional galego **Iván Villar Agulleiro / Francisco Sieira González / José Adrián Casal Sio / Ricardo Fernández Louro**
Danza española **Rubén Puertas / José Alarcón Cuevas / José Ángel Capel Ferrón / Alejandro Muñoz Muñoz**
Danza Contemporánea **David Vilariño**

Equipo artístico/técnico »
Dirección **Jaime Pablo Díaz / Carlos Rodríguez**
Músicos **Sergio Moure / compositor. Javier Feijóo "Xisco" / gaita, pandeiro e canto Francisco Sieira González, pandeiro Juan Debel cantaoz**
Iluminación e escenografía **Luis Perdiguero**
Producción **Georgina Castón**

Duración » 90 minutos
Entradas » Tarifa Son

DATA POR DETERMINAR
Vero Cendoya

LA PARTIDA

Danza contemporánea. Formato non convencional

Inspirada no universo da película «L'arbitro» de Paolo Zucca, esta peza coreográfica pon en diálogo a danza



contemporánea e o fútbol. 5 bailaríns, 5 futbolistas e 1 árbitro sobre unha pista poñen en evidencia os parecidos e as diferenzas entre as dúas disciplinas. Unha reflexión sobre as necesidades e as prioridades do ser humano. Paixón e humor, forza e sensibilidade, animalidade e sofisticación enfróntanse nunha partida na que os protagonistas e os espectadores xogan a vida sobre o terreo de xogo.

Elenco »
Sarah Anglada / Xaro Campos / Linn Johanso / Natalia d'Anunzio / Dory Sanchez
Árbitro **Mikel Fiol**
Futbolistas **Gastón de la Torre / Babou Cham / Adrian Nieto / Alik Santiago Cordech / Reynaldo Zerpa**
Bebé **Naima**
Colaboración especial de **Blanca Portillo**

Equipo artístico/técnico »
Dirección e coreografía **Vero Cendoya**
Dirección musical **Adele Madau**
Producción **Fira Tàrrega / Centro de Creación El Graner Barcelona / Asociación CAROVANA SMI de Cagliari (Italia) / ICEC-Generalitat de Catalunya. Premio MORITZ**
Producción **Isabel Bonilla Besset**



Duración » 60 minutos
Entradas » Entrada de balde ata completar aforo

Círculo Danza a Escena 2016



DOMINGO 25 / SETEMBRO
Paula Quintana


LATENTE

Só de danza contemporánea

Latente é un espectáculo cuxo anhelo é achegar ao Ser Humano.

Un individuo imperfecto e incapaz que acumula éxitos e derrotas nun intento constante de satisfacer os seus desexos, ignorando que a súa verdadeira fortuna é vivir sen darse conta.

A intérprete Paula Quintana preguntalle ao público se entre eles se atopa Paula Quintana, ten un paquete para ela que debe entregarlle. Xa non lembra canto



tempo leva aí, pero non pasa nada, “se hai que seguir esperando, espérase” porque ela “sempre cumpre coas cousas que hai que facer e fainas como hai que facelas”. Pero o corpo baila e conta... baixo as risas e o absurdo dos acontecementos agóchase algo, Latente.

Elenco »
Paula Quintana

Equipo artístico/técnico »
Dirección, coreografía e produción **Paula Quintana**
Texto **Carlos Pedrés**


Duración » 55 minutos
Entradas » Tarifas B

Círculo Danza a Escena 2016



Elenco »
Jaiotz Osa / Carla Diego / Judith Argomaniz

Equipo artístico/técnico »
Dirección e autoría **Judith Argomaniz**
Deseñador de luz **Gabo Punzo**



SÁBADO 01 / OUTUBRO
LASALA
HOOKED (STILL) + LAUESKU 22
Danza contemporánea

HOOKED(still) reflexa a necesidade constante do ser humano en ter unha vinculación afectiva con outro ser humano e os efectos que conleva dita condición.

LAUESKU 22 invita á reflexión interna sobre por que acatar con total naturalidade e sumisión as normas, costumes, regras e imposicións establecidas e dar por feito solucións e respostas predeterminadas

Elenco »
Jaiotz Osa / Carla Diego / Judith Argomaniz

Equipo artístico/técnico »
Dirección e autoría **Judith Argomaniz**
Deseñador de luz **Gabo Punzo**

Duración » 60 minutos
Entradas » Tarifa B

Círculo Danza a Escena 2016



SÁBADO 28 / OUTUBRO
It Dansa

BALLEM!


Neoclásico/Contemporáneo

Un ballo, de Jiri Kylián, quen describe a súa coreografía como o feito de "bailar unha música, nada máis". Considéraa un exercicio de musicalidade e sensibilidade entre unha parella home-muller.

Wad Ras, de Montse Sánchez e Ramón Baeza, é o nome da prisión de mulleres de Barcelona; unha imaxe real e irrecoñecible, unha microsociedade onde os sons do flamenco están presentes.

Minus 16 de Ohad Naharin, percorre músicas que pasan polo cha-cha-cha, o mambo ou cancións populares de Israel.

Elenco »
Cabrera / Katherine Collings / Andrei Drejc Derganc / Raphael Philippe Damasceno / Mari Ishida / Enrique López / Maria Maestre / Rina Murakami / Luis Jerónimo Ruiz / Rosa Schipperijn / Blanca Toslá
Alunos en prácticas **Inés Ruiz e José Blanco**



Equipo artístico/técnico »
Dirección **Cathrine Allard**
Autor **Jiri Kykian / Montse Sánchez e Ramón Baeza / Ohad Naharin**

Duración » 60 minutos
Entradas » Tarifa A

Círculo Danza a Escena 2016



Todas as funcións representaranse ás 20:30 h excepto “Vida laboral”, ás 21:00 h.

Entradas »
Tarifa A 13,00 €
Tarifa B 10,00 €
Tarifa Son 13,00 € - 10,00 € - 8,00 € - 6,50 €

Precio abono: inclúe a compra conxunta de como mínimo 6 espectáculos: -25 %
Carné xove, + 65 anos, desempregados, -20% Grupos + 20 personas en compra anticipada -50%
Tarifa Especial 5,00 € (Carné xove, maiores 65, desempregados 4,00 €)
Os abonados do Ciclo Principal Primavera 2016 poderán disfrutar dun desconto do 25% no prezo das localidades da estrea de Invisibles Wires.
La Macana. Danza internacional Galicia-Alemaña


Pagos »
- Despacho de billetes da Praza de Ourense e do Teatro Rosalia Castro: en efectivo ou con tarxeta
- Televenta en efectivo ou con tarxeta


Máis información:



e na web:
www.coruna.es/cultura

ticketea.com
902 044 226





XOVES 03 / NOVEMBRO
Brodas Bros
4HERMAN@S
Danza urbana

O espectáculo 4Herman@s é o resultado de fusionar as pezas “Raindú” e “Solo 2”. As dúas pezas ten moito en común, ambos están interpretados por unha parella de irmáns. E o que nos mostran é precisamente a relación entre irmás a través do Hip-Hop. Raindú é un trío formado polas irmás Berta e Clara e o músico Jean Philippe Barrios.


Raindú é unha creación artística cunha visión inusual e orixinal da danza urbana con música en directo. Os irmáns Fruitós propoñen un dúo sobre a complicidade entre irmáns. Un traballo coreográfico de linguaxe mixta, sen poñer barreiras nin límites, facendo servir técnicas de popping, locking, break e contemporáneo.

Elenco »
Clara Pons (bailarina), Berta Pons (bailarina), Jean Philippe Barrios (músico), Lluç Fruitós (bailarin), Pol Fruitós (bailarin)



Equipo artístico/técnico »
Dirección e autoría **Berta Pons, Clara Pons, Jean Philippe Barrios (Peza Raindú); Pol Fruitós, Lluç Fruitós, Anna Sánchez (Peza Solo 2)**
Produción **Brodas Bros**

Duración » 50 minutos
Entradas » Tarifa B



SÁBADO 12 / NOVEMBRO
Ballet de Carmen Roche
COREÓGRAFOS ESPAÑOLES DE NORTE A SUR
Neoclásico/ Contemporáneo

Carmen Roche aposta neste espectáculo pola danza neoclásica e contemporánea, sen deixar de lado o seu toque persoal polo que se caracteriza o seu Ballet.

Existe unha necesidade de potenciar a creatividade dos novos coreógrafos e bailaríns españois ofrecéndolles unha plataforma desde a que poder achegarse ao público. En **Coreógrafos Españoles de Norte a Sur** pónhense en escena pezas de nova creación, facilitando o coñecemento destes creadores.

O Ballet de Carmen Roche considera fundamental abrir camiño e dar cabida a estas novas xeracións para que os bailaríns se enriquezan co capital creativo contemporáneo, e acheguen ao público os estilos máis actuais.

Elenco »
Jordi Villaseca / Anuska Alonso / Denis Santacana / Juan Carlos Toledo / Manuel Garzón / Eva Suárez

Equipo artístico/técnico »
Dirección **Carmen Roche**
Produción **Ballet Carmen Roche**
Autor **Jordi Villaseca / Anuska Alonso / Juan Carlos Toledo / Marta López-Caballero / Manuel Garzón**

Duración » 70 minutos
Entradas » Tarifa A

Circuito Danza a Escena 2016



SÁBADO 26 / NOVEMBRO
Roberto Olivan - Enclave Arts del Moviment

LONELY TOGETHER
Danza Contemporánea

Performance sobre unha conversación danzada de Sur a Sur, un diálogo emocional en que cada un expresa as súas opinións. É unha viaxe entre dous seres humanos que comparten visións paralelas e comúns tendo unhas raíces moi afastadas. Roberto Olivan e Gregory Maqoma, xuntos e por separado exhiben un profundo sentimento de soidade, a través dun versátil baile. Soidade que unicamente atopa consolo na mutua compañía de ambos. As atractivas pasaxes sonoras de Laurent Delforge, que interpreta en directo o propio compositor belga, e o deseño de luz de Maria de La Cámara/ Cube.bz completan esta obra. Roberto Olivan de Deltebre e Gregory Maqoma de Johannesburg coinciden na escola PARTS en 1998 e atópanse de novo neste traballo.



Elenco »
Roberto Olivan / Gregory Maqoma

Equipo artístico/técnico »
Dirección, creación e interpretación **Roberto Olivan e Gregory Maqoma**
Produción **Mercat de les Flors (Barcelona) / Festival Grec (Barcelona) / Dance Umbrella (Johannesburg) / The Vuyani Dance Theater (Sudafrica) / Enclave Arts del Moviment**
Música creación e interpretación **Laurent Delforge**
Deseño luz **Maria de la Cámara. Cube.bz**

Duración » 60 minutos
Entradas » Tarifa B



Mércores 6 abril
MADONNA, FAITE VELLA CON NÓS, POR FAVOR!

DOUTRAS, Universidade de Vigo - Campus de Ourense
Dirección Begoña Cuquejo


DESCONEIXIÓN

CAMIÑOS. Compañía independente de danza da Universidade de Santiago de Compostela
Dirección colectiva

MÉTODO CALDEIRADA

I+D, Universidade de A Coruña
Dirección Rut Balbis

Circuito Danza a Escena 2016



Entradas »
Acceso libre ata completar aforo

VIII JORNADAS SOBRE LA INCLUSIÓN SOCIAL Y LA EDUCACIÓN EN LAS ARTES ESCÉNICAS

Mércores 20 abril
LAS MUCHAS

Dirección de Maiontônia Oliver.

Proxecto coreográfico e de autoexpresión con mulleres de máis de 70 anos da Coruña.

Las muchas fala da fragilidade, do paso do tempo nos corpos que xa nos pertencen ao “corpus” social, que deixan de estar no “mercado” oficial, pero que están máis vivos ca nunca e, sobre todo, máis libres: corpos que respiran, pesan, bailan, seducen, móvense e posiciónanse doutro modo.

Las muchas nace da necesidade da coreógrafa Maiontônia Oliver, protagonista da peza, de achegarse á danza e a o corpo desde ámbitos non formais.

As mulleres españolas de máis de 70 anos representan casi o 10% da poboación do estado; estes catro millóns e medio de mulleres, pola experiencia acumulada, son os enlaces emocionais e relacionais entre as xeracións familiares, están chamadas a ser protagonistas da oportunidade de implementar e desenvolver unha sociedade vivible para todas as idades.

ARTES ESCÉNICAS Y COMUNIDAD


Xoves 21 abril
VIDA LABORAL

Dirección de Claudia Faci.

Proceso creativo realizado con homes de A Coruña.

O proceso artístico de Claudia Faci, en colaboración con Raquel Suárez, desenvolveuse durante oito días na Coruña e conta coa participación de homes maiores de 60 anos da cidade, xubilados ou próximos por idade a abandonar a vida laboral activa. Os cidadáns participantes foron seleccionados mediante unha convocatoria realizada o mes pasado. Vida laboral é un espectáculo resultado do proceso artístico con eses cidadáns da Coruña que nos permitirá compartir a experiencia da súa vida laboral e realizar, en conxunto, un proceso de construción da identidade individual e colectiva.

Nun momento das súas vidas, estes homes atópanse eximidos da responsabilidade de “producir” para a comunidade e o proceso creativo explora os desexos e inquietudes desa recuperada liberdade.



Organiza:



Colabora:



TRC DANZA + PROXECTO PE _

PROXECTO PROGRAMACIÓN EXTENDIDA

Desde o ano 2014 o Teatro Rosalía de Castro acompaña o seu programa anual de danza TRCDanza cun proxecto innovador de mediación cultural e programación expandida. Este proxecto articula mecanismos de relación entre os artistas convidados e os cidadáns da Coruña coa intención de xerar un contexto na cidade que poña en valor a danza e as artes do movemento.

A través de diferentes actividades, pensadas en colaboración con

www.facebook.com/trcdanza

Organiza:



Colabora:

